


ROSALÍA DE CASTRO

María Pilar García Negro



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aeig.org



XACOBEO 2010
Galicia

**ROSALÍA DE CASTRO: A INAUGURADORA DA MODERNIDADE
GALEGA**

María Pilar García Negro

**Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega
co patrocinio da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo**



**XACOBEO 2010
Galicia**

Rosalía de Castro (1837-1885) é a síntese perfecta, na súa traxectoria vital, na súa ideoloxía e en toda a súa produción literaria, das aspiracións da súa nación, a Galiza, por se facer ver e ouvir na historia, no conxunto dos povos hispánicos e nunha España que seguía a ter en conta este seu país natal só para desprezalalo ou para explotalo. Ao tempo, e de forma indisociábel, ela representa a eclosión dun feminismo radical, profundamente solidario coa maioría social traballadora, vocacionado para revelar as mulleres e os seus mundos e para se rebelar contra os patróns sexistas impostos.

É, sen dúbida, a figura máis significativa e, ao tempo, máis universal da literatura galega, a que con maior acerto estético e maior profundidade soubo dar conta na súa obra da problemática íntima e psíquica do seu eu, de tantos *eu* de que foi portavoz e do eu colectivo do seu povo. Face a unha economía, unha política e unha socioloxía abertamente desgaleguizadoras, a escritora ergue a súa voz a través do uso público da lingua galega na literatura, o espazo posíbel, e esta literatura inaugural suporá o *big bang* da restauración da conciencia sobre a Galiza e da ansia por lle facer xogar un outro papel na España, na Europa e no mundo. A súa escrita é revolucionaria, non só a respecto dos valores apuntados, senón por detectar profeticamente as eivas, contradicións e hipocrísías que a burguesía, como clase social emerxente no século XIX, tentaba impor como modelo único de civilización, educación, economía e cultura, modelo abocado á cousificación das persoas (nomeadamente, das mulleres), á explotación capitalista e, en suma, á infelicidade individual. Tal carga subversiva, transgresora, profundamente filogalega, non pasou inadvertida para os benpensantes, as autoridades político-eclesiásticas e todas as súas pantallas e mediacións. Disto deriva a cruz de silencio, primeiro, e desfiguración, despois, con que foi tratada. Desfiguración que chega a ofrecer e canonizar unha imaxe dela non só diverxente da súa significación real senón, mesmo, a súa antítese, na creación dunha sorte de *meta-Rosalía* que cómpre desmascarar para viaxarmos á xénese, intención e función social da súa obra literaria e pública.

Malia ser tentativa imposíbel, imos tentar resumir as liñas principais da súa vida e obra:

1. Nos seus 48 anos de vida mortal, a autora publica catro volumes de poesía, cinco novelas, un conto, varios ensaios e manifestos fundamentais (dous deles, os prólogos a *Cantares gallegos* e *Follas novas*, inauguran o xénero na literatura galega), artigos de prensa... É, pois, escritora multixenérica, téndomos en conta, aliás, que o verso acolle en moitas ocasións poesía dialóxica, diálogos teatralizados, relatos e, desde logo, pensamento filosófico e crítica moral. Á súa morte, pérdense varias obras inéditas que ela, ao parecer, ordena queimar. Estamos, por tanto, perante unha escritora profesional, non porque pudesese vivir deste oficio (cousa á que aspiraba), senón por vocación, práctica continuada e vontade manifesta de intervención social desde a literatura. Escritora de raíz e resultado intelectual e reflexivo, moi lonxe da imaxe de espontaneísmo e sentimentalismo fácil que dela se propagou. Ao servizo deste oficio dispuxo os seguintes ingredientes: unha intelixencia invulgar; unha acusada sensibilidade psicosocial; unha formación cultural de enorme variedade e densidade; un sentido patriótico agudo; unha viva e persistente obsesión pola

condición e a sorte das mulleres. No prólogo da súa primeira novela, *La hija del mar* (1859), proclama claramente o *leit-motiv* da súa escrita: “*Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben*”. Sentimento e sabedoría, educación e instrución: ruptura do dualismo sexista, que só consentía a educación feminina para mellor realizar as súas funcións *naturais* de esposa, nai ou filla obediente.

2. A nosa escritora nace, o 24 de febreiro de 1837, en Santiago de Compostela, filla de Dona Teresa de Castro, de ilustre familia fidalga, mais carente de bens, e de D. Xosé Martínez Vioxo, crego, presbítero da Colexiata de Iria. A súa primeira socialización pona en contacto coa aldea e a cultura tradicional galega, en terras paternas, de Ortoño, na comarca da Mahía, que con tanta beleza cantaría nos seus versos. Vive de nena coa súa nai, en Padrón, e, xa na puberdade, en Compostela, onde recibe unha educación moi superior á que se permitía a mozas do seu tempo e participa do activo clima progresista de mozos como Aurelio Aguirre ou Eduardo Pondal. Sabe música, debuxo, le en francés, é actriz de grande suceso en varias funcións teatrais... É mesmo posíbel que acudise ao célebre Banquete de Conxo (2 de marzo de 1856) en que confraternizaron estudantes e obreiros, o que empuxaría a súa viaxe a Madrid na primavera deste ano, á vista do escándalo provocado nas autoridades civís e relixiosas (vindícase, por exemplo, o Xesuscristo carpinteiro). Na capital de España, publica a súa primeira obra poética, *La Flor* (1857), comentada por Manuel Murguía, que será co tempo o grande historiador e polígrafo do XIX galego, e con quen a nosa autora casará no ano 1858, ano en que publica “*Lieders*”, libérrimo manifesto feminista. No 1859, en que nace a súa primeira filla, Alejandra (unidas sempre por unha relación de sororidade íntima), publica *La hija del mar*, obra impregnada na superficie de tópicos caros ao romantismo mais que afinca xa a súa preocupación pola sorte das mulleres e dos orfos sociais, nun exercicio de solidariedade de clase e de xénero e mais nunha defensa clara da maternidade e da familia monoparental. “*Eva*”, poema publicado en 1861, reubica a pecadora bíblica homónima, para convertela na redentora necesaria da metade da humanidade, as mulleres. Sete anos antes, o Papa Pío IX oficializara o dogma da Inmaculada Concepción da Virxe María e da súa ascensión ao ceo (a xerarquía católica “sobe” unha muller ao ceo; Rosalía “baixa” unha muller á terra...). *Flavio*, a segunda novela da autora, surprende pola contundente desmitificación dos *topica* epigonais do amor cortés, redivivos no romantismo, así como exemplifica a dificultade da escritora incipiente por deixar de o ser clandestinamente e poder exercer a súa autonomía psíquica, intelectual e afectiva como muller.

3. 1863 sinala un ano transcendental na traxectoria da autora e mais na da historia da Galiza. Para alén da publicación (en edición limitada ás amizades) do poemario *A mi madre*, após a morte desta, este ano aluma o nacemento dun libro fundamental, *Cantares gallegos*, o primeiro monumento da literatura galega renacente e a conversión da potencia en acto, isto é, a creación dunha épica galega, residenciada nas clases populares, na lingua do povo e ao servizo da súa humanización e dignificación. Supón un potente alegato patriótico-democrático, nun afán de exhibición da cultura nacional e mais de resposta ao estereotipo negativizado da Galiza e dos galegos e galegas. É, malia a superficial e pintoresquista lectura folclorizante que

dela se fixo, unha obra profundamente política, ao servizo dunha restauración (a da lingua) e dunha emerxencia (a da propia Galiza) necesarias. Denuncia da misoxinia en bruto, cunha impecábel técnica de distanciamento narrativo, vai conter o “Conto gallego” (1864, mais só divulgado postumamente, en Bos Aires, 1923). Abre ese ano 1863 o período que podemos considerar década prodixiosa na produción da autora, pois, aínda que a súa obra capital (*Follas novas*) non vai ver a luz até 1880, o certo é que levaba escrita, na súa maior parte, dez anos antes e só razóns censoriais e represivas adiaron tanto tempo a súa publicación (facilitada, sintomaticamente, pola emigración patriótica cubana). Esta década coñece a publicación dun ensaio fundamental, “Las literatas” (1865), en que, a través da simulación da carta dunha escritora experimentada a unha novel, a autora tematiza, de forma explícita e irónica, a relación muller-literatura, como metonimia, esta, do dereito de actividade pública, de intervención social. Ten tanto de autorretrato como de sociobiografía das mulleres que aspiraban a romper as ataxes do sexismo tradicionalista, ensaio adubado, por certo, con hilarantes caricaturas da auto-asumida superioridade masculina.

En conexión directa con este ensaio-manifesto van estar as dúas seguintes novelas da autora: *Ruinas* (1866), exacta denuncia da marxinalización imposta polo modelo capitalista-burgués e canto á independencia feminina na figura dunha simpática vella solteira, e mais *El Caballero de las Botas Azules* (1867), a mellor e máis complexa novela da escritora, subtitulada por ela mesma “Cuento extraño” e moi adiantada a respecto do *boom* da novela realista española das dúas décadas seguintes. Significativamente publicada no ano anterior á Revolución de 1868, supón unha crítica radical dos usos e costumes da aristocracia-burguesía da España contemporánea, con centro e brillo en Madrid, cuxos axentes sociais máis relevantes (xornalistas vendidos, editores corruptos, aristócratas narcisistas e parásitas, burguesas alienadas...) son retratados tan irónica como inmisericordemente. Precedida dun diálogo teatral entre o Home e a Musa (a Novidade, unha Musa andróxina, por certo), en que esta arremete contra a má literatura, semente de alienación e alimentadora do ego burgués do artista, a catarse final vai pousar na acción do propio povo que asalta o palacio do aristócrata e faise co marabilloso libro da sabedoría, o talismán necesario para a súa liberación. Entreverada de elementos surreal-fantásticos, no mellor ronsel dun Hoffmann ou dun Poe, fica destruída tanto a ortodoxia como a *ortopraxe* dunha sociedade dogmática, frívola e profundamente clasista, ao tempo que, para os lectores galegos, se ofrecía un novo sociorretrato, desmitificado, do Madrid capitalino, meca de todos os aspirantes a medro biográfico e político.

Entre 1868 e 1877 vai ter a escritora seis fillos máis, con moi pouca fortuna vital, en canto aumentan até límites de auténtica pobreza as dificultades económicas da familia, que nunca posuíu casa de seu e alternou domicilios en Compostela, Madrid, Simancas, Lestrove, Lugo, A Coruña, Padrón..., nunha parella tan sobrada de intelixencia e sensibilidade como falta de recursos económicos, paradoxo adoito repetido en artistas xeniais.

Follas novas (1880) é a obra culmen da autora e, aínda, de toda a literatura galega. Todas as Rosalías posíbeis están contidas nela. Dividida en cinco libros (“Vaguedás”, “¡Do íntimo!”, “Varia”, “Da Terra”, “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”), compón unha magna e complexa comedia humana, en que o eu autorial viaxa desde a súa propia ansiedade até a epopeia dos *condamnés de la terre*, na Galiza territorial como na emigración, nunha apoteose da solidariedade de clase e

feminista, que enuncia xa a escritora desde o poema inaugural: *Daquelas que cantan as pombas i as froes / todos din que teñen alma de muller. / Pois eu, que n'as canto, Virxe da Paloma, / ¡ai!, ¿de qué a terei?* Contén esta obra pezas insuperábeis, da literatura galega como da literatura universal, nun exercicio de librepensamento, sinceridade moral e dúbida relixiosa e/ou aberta heterodoxia dificilmente encontrábeis no seu tempo e nos seus contemporáneos. Amplía así a autora, nun magno abano repertorial, o uso do galego para todos os temas sen excepcións: ficaba aberta a porta, de forma definitiva, para a normalización da literatura galega, como arte adulta e independente.

4. Ben se comprende que, na Galiza e na España da Restauración, semellantes *alardes* non ían merecer o aplauso das forzas vivas e dos poderes públicos, polo que o círculo de silenciamento e postergación (“Estranxeira na súa patria” titula un dos seus poemas) céntrase a cada paso máis, en paralelo a unha grave deterioración do seu estado de saúde, dos seus recursos económicos e dunha crecente sensación de fracaso histórico-biográfico. Disto dan boa conta as derradeiras obras publicadas: *El primer loco* (1881), novela que ficcionaliza a historia dun fracaso tanto psicolóxico-afectivo como político, sen que -sempre a autora cos pés na terra- por iso se deixe de defender, na máis humanista e pioneira modernidade, algo tan práctico como a atención sanitaria digna aos dementes, e *En las orillas del Sar* (1884), o seu libro máis enigmático e autobiográfico, onde reaparecen as febras máis intimistas e confisionais da autora, a angustia do sentido da existencia e da fe perdida, mais onde non naufraga a preocupación patriótica polo futuro do país (destrución anti-ecolóxica da súa natureza e recursos; denuncia da emigración). Este seu libro testamentar, auténtica xoia da poesía, só foi valorado pola *intelligentsia* española (Unamuno, Azorín, Díez Canedo, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado...) moitos anos despois da súa publicación, que non agradou nada á Real Academia Española, por *excesos* improprios dunha muller. Anotemos que Rosalía non é unha escritora bilingüe, na acepción e intencionalidade actuais do termo. É a escritora galega por antonomasia e é, asemade, galega escritora, isto é, condicionada polas continxencias e as marxes da práctica social e pública posíbeis do idioma galego a aquela altura, após unha longa diacronía de imposición da lingua oficial do Estado como único instrumento de comunicación pública, literaria e mediática. É a responsábel -cómpre deixalo ben claro- do inicio da renacemento da literatura galega contemporánea, que chega aos nosos días.

5. Rosalía de Castro morre, en Padrón, no 15 de Xullo de 1885. Máis de cen anos despois, cómpre seguir a procurar a súa *vera effigies*, fóra de tanta manipulación interesada e deformadora que a manchou. É unha escritora profundamente intelectual e culta, que ousa plantexar na súa poesía de temática filosófica os problemas máis graves do mundo metaempírico (Carvalho Calero). “*Posuíu o fondo pensar dun filósofo e o intenso sentir dun grande poeta*” (González Besada); non é a súa obra a dunha rousseauniana romántica nen a dunha filántropa, senón a dunha poeta fundamente imbricada no povo a que se sente pertencer (Carvalho Calero); é, pois, corroborante da conciencia galega e adiantada do máis limpamente humanista e transformador que alumou o século XX. “*Rosalía escribiu desde o epicentro da marxinalidade: a dun país dominado e frustrado nas súas aspiracións, a dunhas clases sociais explotadas -os labregos e mariñeiros-, a dun grupo social dobremente oprimido -as mulleres*

traballadoras-, a dun sector que non se sente cómodo na súa función social -as mulleres, en xeral-, a daqueles que non se senten integrados psiquicamente nen afectivamente no binomio reducionista, baseado en criterios biolóxicos, home-muller. Velai a razón de tanta riqueza e misterio. Comprendemos así por que é tan especificamente galega á vez que tan universal” (Francisco Rodríguez).

Escolma de textos

De Cantares Gallegos (1863)

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoverme, todo esto me atrevín a cantar neste humilde libro pra desir unha vez siquera, i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a iñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que ésta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fora de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis desprezible e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza.

[...] ¿Qué diremos a esto? Nada máis sinón que taes fatuidades respecto do noso país teñen algunha comparanza cas dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os venceu; polo contrario, sempre saléu vencida, derrotada, humillada; e o máis triste desto é que “val” antre eles tan infame mentira, así como “val” pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra total-as demais provincias de España -ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa-, que Galicia é o rincón máis desprezible da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e vén así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendeu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpable, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpable a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete.

Foi éste o móvil principal que me impeleu a publicar este libro que, máis que nadie, conoso que necesita a indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pro ó menos, e pra disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo, e penso que o conseguín en algo...

(Do Prólogo)

*Miña Santiña,
miña Santasa,
miña cariña
de calabasa:*

*hei de emprestarvos
os meus pendentos,
hei de emprestarvos
o meu collar;
hei de emprestarcho,
cara bonita,
si me dependes
a puntear.*

___ Costureiriña
comprimenteira,
sacha no campo,
malla na eira,
lava no río,
vai apañar
toxiños secos
antre o pinar.
Así a meniña
traballadora
os punteados
depende ora.

___ Miña Santiña,
mal me quixere
quen me aconsella
que tal fixere.
Mans de señora,
mans fidalgueiras
teñen todiñas

as costureiras;
boca de reina,
corpo de dama,
cómpralle a seda,
foxen da lama.

__ ¡Ai, rapaciña!
ti te-lo teo:
¡seda as que dormen
antre o centeo!
¡Fuxir da lama
quen naceu nela!
Dios cho perdone,
probe Manuela.
Lama con honra
non mancha nada,
nin seda limpa
honra emporcada.

__ Santa Santasa,
non sos comprida,
decindo cousas
que fan ferida.
Faláime sólo
das muiñeiras,
daquelas voltas
revirandeiras
daqueles puntos
que fan agora
de afora adentro,
de adentro afora.

__ Costureiriña
do carballal,
colle unha agulla,
colle un dedal;
cose os buratos
dese teu cóis,
que andar rachada
non manda Dios.
Cose, meniña,
tantos furados
i ora non penses
nos punteados.

__ Miña Santasa,
miña Santiña,

nin teño agulla,
nin teño liña,
nin dedal teño,
que aló na feira
rouboumo un *majo*
da faltriqueira,
decindo: “As perdas
dos descoidados
fan o lotiño
dos apañados”.

__ ¡Costureiriña
que a *majos* trata!
Alma de cobre,
collar de prata.
Mocidá rindo,
vellez chorando...
Anda, meniña,
coida do gando.
Coida das herbas
do teu herbal:
terás agulla,
terás dedal.

__ Deixade as herbas,
que o que eu quería
era ir cal todas
á romería.
¡I alí con aire
dar cada volta!
Os ollos baixos,
a perna solta.
Pés lixeiriños,
corpo dereito.
¡Pero, Santiña...,
non lle dou xeito!
Non vos metades
pedricadora;
bailadoriña
facéme agora.
Vós dende arriba
andá correndo;
facede os puntos,
i eu adeprendo.
Andá, que peno
polos penares...
Mirái que o pido

chorando a mares.

__ ¡Ai da meniña!
¡Ai da que chora,
ai, porque quere
ser bailadora!
Que cando durma
no camposanto,
os enemigos
faránlle espanto,
bailando enriba
das herbas mudas,
ó son da negra
gaita de Xudas.
I aquel corpiño
que noutros días
tanto truara
nas romerías,
ó son dos ventos
máis desatados
rolará logo
cos condenados.
Costureiriña,
n'hei de ser, n'hei,
quen che deprenda
tan mala lei.

__ ¡Ai, qué Santasa!
¡Ai, qué Santona!
Ollos de meiga,
cara de mona,
pór n'hei de pórche
os meus pendentos,
pór n'hei de pórche
o meu collar,
xa que non queres,
xa que non sabes
adeprenderme
a puntear.

*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

I

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.

II

Aló pola mañanciña
subo enriba dos outeiros
lixeriña, lixeriña.

Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a batalada pirmeira.

A pirmeira da alborada,
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.

Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.

E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,
rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastavales camiño.

Camiño do meu contento;
i en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.

E sentada estou mirando
cómo a lúa vai saíndo,
cómo o sol se vai deitando.

Cál se deita, cál se esconde
mentras tanto corre a lúa
sin saberse para dónde.

Para dónde vai tan soia,
sin que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia.

Que si oíra e nos falara,

moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pruma;
triste a lúa marcha diante.

Diante marcha crarexando veigas,
prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.

Falta o día, e noite escura
baixa, baixa, pouco a pouco,
por montañas de verdura.

De verdura e de follaxe,
salpicada de fontañas
baixo a sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores
que ca aurora se levantan.

Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que cas sombras aparecen.

V

Corre o vento, o río pasa.
Corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.

Eu me quedo contemprando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.

.....

Ven a noite..., morre o día,
as campanas tocan lonxe

o tocar da Ave María.

Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos
afogándome parece
que pon min tén que rezar.

*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades*

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

-Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo;
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Aquél máis que neve branco,
aquél de dosuras cheio,
aquél por quen eu vivía
sin quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan,
saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!

¡Ai!, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.

Morréu aquel que eu quería,
para min n'hai consuelo:
sólo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.

Premita Dios, castellanos,
castellanos que aborreso,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios,
e volven, ¡ai!, sin ventura,
con un caudal de despresos.

Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!

En trós de palla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.

E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fatuas cabezas
ni en máis fatuos sentimentos.

Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.

Sólo pesoñosas charcas
detidas no ardente suelo,

tes, Castilla, que humedezan
esos teos labios sedentos.

Que o mar deixóute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas auguas que traen
de prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...

Esto che tocóu, coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!,
triste herencia foi por certo.

En verdad non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla
valera decir inferno.

¿Por qué aló foches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños frolidos
por tristes campos sin rego!

¡Trocar tan craras fontiñas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo!

Mais, ¡ai!, de onde a min te foches
sin dor do meu sentimento,
¡aló a vida che quitaron,
aló a mortíña che deron.

Morreches, meu quiridiño,
e para min n'hai consuelo,
que onde antes te vía,
agora xa sólo unha tomba vexo.

Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Dios que me mate,
porque xa vivir non quero.

Mais en tanto non me mata,
castellanos que aborreso,
hei, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo:

*¡Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!*

De Follas Novas (1880)

Máis de dez anos pasaron -tempo cási que fabuloso a xusgar pola presa con que hoxe se vive- desde a maior parte destes versos foron escritos, sin que as contrariedades da miña vida desasosegada, e unha saúde decote endebre, me permitise apousar neles os meus cansados ollos i o meu fatigado espírito. Ó leelos de novo, vin ben craro cómo era incompreto e probe este meu traballo poético, cómo lle faltaba pra ser algo que valla, e non un libro máis, sin outro mérito que a perene melancolía que o envolve, e que algúns terán, non sin razón, como fatigosa e monótona. Mais as cousas teñen de ser como as fan as circunstancias, e si eu non poden nunca fuxir ás miñas tristezas, os meus versos menos. Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias, refrexan, quisáis con demasiada sinceridade, o estado do meu espírito unhas veces; outras, a miña natural disposición (que n'en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas.

[...]

Por outra parte, Galicia era nos Cantares o obxecto, a alma enteira, mentras que neste meu libro de hoxe, ás veces, tan sóio a ocasión, anque sempre o fondo do cuadro: que si non pode senón ca morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive e da natureza que o rodea, ser alleo a seu tempo e deixar de reproducir, hastra sin pensalo, a eterna e laiada queixa que hoxe eisalan todo-los labios. Por eso iñoro o que haxa no meu libro dos propios pesares, ou dos alleos, anque ben poden telos todos por meus, pois os acostumados á desgracia, chegan a contar por súas as que afrixen ós demáis. Tanto é así, que neste meu novo libro preferín, ás composicións que puideran decirse personales, aquelas outras que, con máis ou menos acerto, espresan as tribulacións dos que, uns tras outros, e de distintos modos, vin durante largo tempo sufrir ó meu arredore. E ¡sófrese tanto nesta querida terra gallega! Libros enteiros poideran escribirse falando do eterno infortunio que afrixe ós nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas; mais o que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres: criaturas amantes para os seus i os estraños, cheas de sentimento; tan esforzadas de corpo como brandas de corazón, e tamén tan desdichadas que se

dixeran nadas solasmentes para rexer cantas fatigas poidan afrixir á parte máis froxa e inxel da humanidade. No campo, compartindo metade por metade cos seus homes as rudas faenas; na casa, soportando valerosamente as ansias da maternidade, os traballos domésticos e as arideces da probeza. Soias o máis do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sin axuda pra mal manterse, pra manter ós seus fillos, e quisáis ó pai valetudinario, parecen condenadas a non atoparen nunca reposo senón na tomba.

[...]

Creerán algús que porque, como digo, tentéi falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa léngua. N'é por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa léngua, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os Cantares gallegos despertaron en algúns entusiastas. Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel estonces cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, i o que é mais, aceptárono contentos, e ieu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro i o último. N'era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado.

(Prólogo)

Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa si era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Sóio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentóu,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal choróu Madanela na Pasión.
"Señor, que todo o podedes
-pedínlle unha vez a Dios-,
daime valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición".
E doumo Dios, e arrinquéino;
mais... ¿quén pensara...? Despóis
xa non sentín máis tormentos
nin soupen qué era delor;
soupen só que non sei qué me faltaba
en donde o cravo faltóu,
e seica, seica tiven soidades
daquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o espírito
¡quén o entenderá, Señor...!

¡SILENCIO!

A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas,
sentindo cómo loitan
en sin igual batalla
inmortales deseios que atormentan
e rencores que matan,
mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
i escribo..., escribo..., ¿para qué? ¡Volvede
ó máis fondo da alma,
tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!
¡Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿dónde quedóu velada?

DE BALDE...

Cando me poñan o hábito,
si é que o levo;
cando me metan na caixa,
si é que a teño;
cando o responso me canten,
si hai con qué pagarlle ós cregos,
e cando dentro da cova....
¡Que inda me leve San Pedro
se só ó pensalo non ríu
con unha risa dos deños!
¡Que enterrar, han de enterrarme
aunque non lles den diñeiro...!

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

A XUSTICIA POLA MAN

Aqués que tén fama de honrados na vila,
roubáronme tanta brancura que eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.

Nin pedra deixaron en donde eu vivira;
sin lar, sin abrigo, moréi nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos..., ¡meus anxos...!, que tanto eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!

Quedéi deshonorada, mucháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-¡Salvádeme, ouh, xueces!- berréi... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendéume a xusticia.
-Bon Dios, axudáime- berréi, berréi inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pilléi a fouciña,
rondéi paseniño... ¡Ne as herbas sentían!
I a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Miréinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe, ¡dun soio!, deixéinos sin vida.
I ó lado, contenta, sentéime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces..., estonces cumpréuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.

ESTRANXEIRA NA SÚA PATRIA

Na xa vella baranda
entapizada de hedras e de lirios
foise a sentar calada e tristemente
frente do tempo antigo.

Interminable precesión de mortos,
uns en corpo nomáis, outros no espírito,
veu pouco a pouco aparecer na altura
do dereito camiño,
que monótono e branco relumbraba,
tal como un lenzo nun herbal tendido.

Contempróu cál pasaban e pasaban
collendo hacia o infinito,
sin que ó fixaren nela
os ollos apagados e afundidos
deran sinal nin moestra
de habela nalgún tempo conocido.

I uns eran seus amantes noutros días,
deudos eran os máis i outros amigos,
compañeiros da infancia,
sirventes e veciños.

Mais pasando e pasando diante dela,
fono os mortos aqueles prosiguindo
a indiferente marcha
camiño do infinito,
mentras cerraba a noite silenciosa
os seus loitos tristísimos
en torno da estranxeira na súa patria,
que, sin lar nin arrimo,
sentada na baranda contemplaba
cál brillaban os lumes fuxitivos.

¡SOIA!

Eran craro-los días,
risoña-las mañáns,
i era a tristeza súa
negra coma a orfandá.

Íñase á mañecida,
tornaba coa serán...;
mais que fora ou viñera
ninguén llo iña esculcar.

Tomou un día leve
camiño do areal...
Como naide a esperaba,
ela non tornóu máis.

Ó cabo dos tres días,
botóuna fora o mar,
i alí onde o corvo pousa,
soia enterrada está.

¡NIN ÁS ESCURAS...!

I

-Todo está negro, as sombras envolveren a vereda,
e nin o ceu ten ollos, nin o pinar ten lingua.

¡Vamos! Do que hai oculto, ¿quén midéu as fonduras?
¡Alma n'habrá que sepa...! ¡Ven...! A noite está escura.

-¿Escura...?; mais relumbra non sei qué luz traidora...
-E unha estrela que brila nas auguas bulidoras.

-¿E non oies que runxe algo onde aquel herbal?
-É o vento que anda tolo correndo antre a follax..

-Escoita, sinto pasos, e asoma seica un bulto...
-¡Si é un vivo, matarémolo; non fala si é difunto!

Mais aquí onde este cómaro, hai unha cova fonda:
ven, e santos ou deños, que nos atopen ora.

II

¡Adónde iréi conmigo? ¿Dónde me esconderéi,
que xa ninguén me vexa i eu non vexa a ninguén?

A luz do día asómbrame, pásmame a das estrelas,
i as olladas dos homes na ialma me penetran.

I é que o que dentro levo de min, penso que ó rostro
me sai, cal sai do mare ó cabo un corpo morto.

¡Houbera, e que saíra...!; mais non: dentro te levo,
¡fantasma pavoroso dos meus remordementos!

Xigantescos olmos, mirtos
que brancas frores ostentan,
unhas con cogollos inda,
outras que o vento esfollea.
Buxos que xa contan sigros
que xuntos verdeguean
formando de rama e troncos
valos que naide atravesa,
nos que moi descansadas
fan o seu niño as culebras.
Loureiros, irmáns dos buxos
pola altura i a nacemento,
pois arraigaron a un tempo
no máis profundo da terra.
Limoeiros e laranxos
que o verde musgo sombrean
i olido esparcen de azare
con que a xente se recrea.
Eternos bosques en donde
sombriño misterio reina,
onde só os paxaros cruzan
polas tristes alamedas
onde ó marmular as fontes
un coidara que se queixan,
i onde o mesmo sol do estío
melancónico penetra.
I en medio desta espesura
desta hermosa tristeza,
nunha casa inda máis triste,
si de fachada soberba,
alí din que ten o niño
a nai de toda-las meigas:
casa con portas de cedro,
en cada ventana reixa,

cociña coma de monxes,
silencio coma de igrexa,
criados que non dan fala,
cans que morden como feras.
Alí a viron negra e fraca
como unha gata famenta,
no máis san e máis frorido
da hermosa terra gallega.
I estes mals que nos afrixen
din que todos veñen dela...
¡Mais socede nesta vida
que os que tén culpa n'a levan!

XAN

Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a podá-las viñas,
Xan vai a apañá-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
vai á fonte por augua,
vai a misa cos nenos,
fai o leito i o caldo...
Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos que a cada muller
lle conviña un polo menos.
Pero cando un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.

Pepa, a fortunada Pepa,
muller do Xan que sabemos,
mentras seu home traballa,
ela lava os pes no rego,
cátalle as pulgas ó gato,
peitea os longos cabelos,
bótalles millo ás galiñas,
marmura co irmán do crego,
mira si hai ovos no niño,
bota un ollo ós mazanceiros,
e lambe a nata do leite,
e si pode bota un neto
ca comadre, que agachado
traillo en baixo do mantelo.

E cando Xan pola noite
chega cansado e famento,
ela xa o espera antre as mantas,
i ó velo entrar dille quedo:

-Por Dios, non barulles moito,
que me estóu mesmo morrendo.

-¿Pois qué tes, ña mulleriña?

-¿Qué hei de ter? Deita eses nenos,
que esta *madre* roe en min
cal roe un can nun codelo,
i ó cabo ha de dar comigo
nos terrós do simiterio...

-Pois, ña Pepa, toma un trago
de resolio que aquí teño,
e durme, ña mulleriña,
mentras os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos
de Xan ó ver tales feitos;
mas non temás, que antre mil
n'hai máis que un anxo antre os demos;
n'hai máis que un atormentado
antre mil que dan tormentos.

¡PRA A HABANA!

I

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.

Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.

"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.

Galicia está probe,
i á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
do meu corazón!"

II

Cando ninguén os mira,
vense rostros nubrados e sombrisos,
homes que erran cal sombras voltexantes
por veigas e campíos.

Un, enriba dun cómaro

séntase caviloso e pensativo;
outro, ó pe dun carballo queda imóvil,
coa vista levantada hacia o infinito.

Algún, cabo da fonte recrinado,
parés que escoita atento o murmurío
da augua que cai, e eisala xordamente
tristísimos suspiros.

¡Van a deixá-la patria...!
Forzoso, mais supremo sacrificio.
A miseria está negra en torno deles,
¡ai!, ¡i adelante está o abismo...!

III

O mar castiga bravamente as penas,
e contra as bandas do vapor se rompen
as irritadas ondas
do Cántabro salobre.

Chilan as gaviotas
¡alá lonxe...!, ¡moi lonxe!,
na prácida ribeira solitaria
que convida ó descanso i ós amores.

De humanos seres a compauta línea
que brila ó sol adiántase e retórcese,
mais preto e lentamente as curvas sigue
do murallón antigo do Parrote.

O corazón apértase de angustia,
óense risas, xuramentos se oien,
i as brasfemias se axuntan cos suspiros...

¿Ónde van eses homes?

Dentro dun mes, no simiterio imenso
da Habana, ou nos seus bosques,
ide a ver qué foi deles...

¡No eterno olvido para sempre dormen!

¡Probes nais que os criaron,
i as que os agardan amorosas, probes!

IV

"¡Ánimo, compañeiros!

Toda a terra é dos homes.
Aquel que non veu nunca máis que a propia,
a iñorancia o consome.

¡Animo! ¡A quen se muda Dio-lo axuda!

¡I anque ora vamos de Galicia lonxe,
verés desque tornemos
o que medrano os robres!

Mañán é o día grande, ¡á mar, amigos!
¡Mañán, Dios nos acoche!"
¡No sembrante a alegría,
no corazón o esforzo,
¡ a campana armoniosa da esperanza,
lonxe, tocando a morto!

V

Éste vaise ¡ aquél vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non tén pais.
E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

**ROSALÍA DE CASTRO: DIE BAHNBRECHERIN DER GALICISCHEN
MODERNITÄT**

María Pilar García Negro

**Eine Initiative der Asociación de Escritores en Lingua Galega mit
der Schirmherrschaft der S.A. de Xestión do Plan Xacobeo**

Ins Deutsch übersetzt von Eva Moreda



**XACOBEO 2010
Galicia**

ROSALÍA DE CASTRO (1837-1885) ist wegen ihres Lebens, wegen ihrer Ideologie und wegen ihrer ganzen literarischen Produktion die perfekte Synthese der Ansprüche ihrer Nation, Galicien, sich sehen und hören in der Geschichte, unter den hispanischen Völkern und in einer Spanien, die Galicien nur verachtete oder ausbeutete, zu lassen. Gleichzeitig und untrennbar stellt sie das Erscheinen eines radikalen Feminismus, der der proletarischen sozialen Mehrheit zutiefst solidarisch ist, die Frauen und ihre Welten enthüllt und gegen die erzwungenen patriarchalistischen Modellen sich empört, dar.

Sie ist, ohne Bezweifelung, die bedeutendste und universellste Figur der Galicischen Literatur, die Schriftstellerin, die mit höchstem literarischem Wert und Tiefe die innige und psychische Problematik von ihrer Person, von so vielen anderen sozialen Gruppen und von ihrem Volk in ihrem Werk ausdrückte. Gegen eine offenbar antiGalicische Ökonomie, Politik, Sociologie, erhebt die Schriftstellerin ihre Stimme durch den öffentlichen Gebrauch der Galicischen Sprache in der Literatur, dem möglichen Raum, und diese vorreitende Literatur ist das *Big bang* der Restauration des Galicischen Selbstbewusstseins und des Wunsches, dass sie eine andere Rolle in Spanien, Europa und der Welt hat. Ihre Literatur ist revolutionär nicht nur im Bezug auf die obergenannten Werte: sie sagt auch die Defekte, Widersprüche und Heuchelei, die die Bourgeoisie, als entstehende soziale Klasse des 19. Jahrhunderts, als einziges Zivilisations-, Ausbildungs-, Ökonomie- und Kulturmodell erzwingen wollte, ein Modell der Objektification der Menschen (vor allem der Frauen), der kapitalistischen Ausbeutung und zwar des individuellen Glücksfall, voraus. Diese subversive, übertretende und filoGalicianische Bedeutung bleibt nicht der politischen-kirlichen Behörden und ihrer Schirmen und Mediationen ungeachtet. Das ist der Grund zuerst des Stillschweigens und danach der Verformung, mit denen sie behandelt wurde. Diese Verformung gestaltete und kanonisierte ein Bild von Rosalía, das nicht nur sehr anders als ihre wahre Bedeutung ist, aber es sogar ihre Antithese ist: eine *meta-Rosalía*, die aufgedeckt werden muss, um die Genese, Intention und soziale Funktion ihres öffentlichen und literarischen Werkes zu entdecken.

Trotz der extremen Schwierigkeit dieser Aufgabe versuchen wir die wichtigsten Linien ihres Lebens und ihres Werkes:

1. Während ihrer 48 Jahre Lebens veröffentlicht die Schriftstellerin vier Dichtungenbücher, fünf Romane, eine Erzählung, manche Essays und grundsätzliche Manifesten (zwei davon, die Prologuen von *Cantares gallegos* und *Follas novas*, sind der Anfang dieser Gattung in der Galicischen Literatur), Presseartikel... Sie schrieb also verschiedene Gattungen, und man muss auch beachten, dass ihre Poesie oft dialogische oder theatralische Poesie, Erzählungen, philosophisches Denken und morale Kritik enthält. Nach ihrem Tod wurden viele ihrer Werke verloren, da sie wollte, dass sie abgebrannt wurden. Sie ist also eine Berufsschriftstellerin, nicht, weil sie aus diesem Beruf leben konnte (was sie wollte), aber wegen ihrer Berufung, ständiger Praxis und offener Wille von sozialer Intervention von der Literatur an. Als Schriftstellerin ist sie nicht spontan oder sentimental, wie sie oft porträtiert wurde, aber intellektuell und nachdenklich. Ihre Literatur wurde von diesen Elementen geholfen: eine außergewöhnliche Intelligenz, eine starke psychosoziale Sensibilität; eine vielfältige und umfassende kulturelle Ausbildung; ein akutes patriotisches Gefühl;

eine lebende und ständige Sorge für die Umstände und das Schicksal der Frauen. Im Prologue ihres ersten Roman, *La hija del mar [Die Tochter vom Meer]* (1859) sagt sie deutlich das *Leit-motif* ihres Schreibens: „Da den Frauen ist es noch nicht erlaubt, was sie fühlen und was sie wissen zu sagen“. Gefühl und Wissen, Ausbildung und Belehrung: Durchbruch des patriarchalischen Dualismus, die die Ausbildung die Frauen nur erlaubte, damit sie ihre *naturelle* Ausgaben als Ehefrauen, Mutter oder Tochter besse erfüllen könnten.

2. Die Schriftstellerin wurde am 24. Februar 1937 in Santiago de Compostela als Tochter von Teresa de Castro, aus einer berühmten aber armen herrlichen Familie, und Xosé Martínez Vioxo, Priester der Colexiata de Iria, geboren. Durch ihre ersten Erfahrungen nimmt sie mit dem kleinen Dorf und der traditionellen Galicischen Kultur im Land ihres Vaters, Ortoño, im Kreis Mahía, die so schon in ihren Versen porträtierte, Verbindung auf. Als Kind wohnt sie mit ihrer Mutter in Padrón und dann als Jüngling in Compostela, wo ihre Ausbildung viel besser als die von Frauen normalerweise erhaltene Ausbildung war; dort erlebte sie auch das aktive progressives Klima von Jungen wie Aurelio Aguirre oder Eduardo Pondal. Sie lernt Musik, Kunst, kann Französisch lesen, hat Erfolg als Schauspielerin in manchen Theaterstücken... Es ist auch möglich, dass sie am berühmten Bankett von Conxo (2. März 1856), in dem Studenten und Arbeitnehmer sich verbrüderten, teilnahm. Das wäre der Grund ihrer Reise nach Madrid im Frühling dieses Jahres, da die Episode ein großes Skandal unter den zivilen und religiösen Behörden verursachte (es wurde zum Beispiel Christus als Zimmerman reklamiert). In Madrid veröffentlichte sie ihr erstes Dichtungsbuch, *La Flor [Die Blume]* (1857). Das Buch rezensierte Manuel Murguía, der der große Historiker und Poligrapher des 19. Jahrhunderts in Galicien später würde und den Rosalía 1858 heiratete. 1858 veröffentlichtet sie auch „Lieders“, ein feministisches Manifest. 1859 wird ihre erste Tochter, Alejandra (mit der Rosalía immer eng und innig verbunden war), veröffentlichtet sie *La hija del mar [Die Tochter des Meeres]*, ein Roman, das oberflächlich die typischen Themen der Romantik spiegelt, aber es zeigt schon ihre Sorge für das Schicksal der Frauen und der Waisen: ein Zeichen von Klassen- und Geschlechtssolidarität, und auch eine klare Stellungnahme für die Mutterschaft und die Einelternfamilie. „Eva“, ein 1861 veröffentlichtes Gedicht, porträtiert die biblische Sünderin, aber es macht sie die nötige Erlöserin der Hälfte der Menschlichkeit: der Frauen. Sieben Jahre früher, der Papst Pius IX hatte den Glaubenssatz der Empfängnis der Jungfrau Maria und ihrer Himmelfahrt (die katholischen Behörden heben eine Frau zum Himmel hinauf; Rosalía bringt eine Frau zum Erde hinunter...). *Flavio*, das zweite Roman der Schriftstellerin, ist wegen der starken Entmythologisierung der Klischees der von Romantik ins Leben zurückgekehrten höfischen Liebe überraschend. Es zeigt auch die Schwierigkeiten der jungen Schriftstellerin, um ihre psychische, intellektuelle und emotionale Autonomie als Frau zu erreichen.

3. 1863 ist ein entscheidendes Jahr im Leben der Schriftstellerin und auch in der Geschichte Galiciens. Außer der Veröffentlichung (in einer den Freunden eingeschränkten Ausgabe) des Dichtungsbuches *A mi madre [An meine Mutter]* nach dem Tod ihrer Mutter, schreibt auch ein grundsätzliches Buch, *Cantares gallegos [Galicische Gesänge]*, das erste Monument der entstehenden Galicischen Literatur und die Umwandlung von Potenz in Akt, d.H., das Geburt eines Galicianischen Epos, das

sich auf den Proletariat, die Sprache des Volkes und seine Vermenschlichung und Dignifizierung basiert. Es ist ein entscheidendes patriotisches-demokratisches Manifest, das die nationale Kultur zeigen will und gegen die negativen Stereotypen Galiciens und ihrer Einwohner reagiert. Trotz der oberflächlichen und folkloristischen Deutungen, ist es eine zutiefst politisches Werk für die nötige Restauration der Sprache und die Entstehung Galiciens. Es denunziert die Misogynie durch eine perfekte Technik von narrativer Distanzierung und enthält die "Conto gallego" [Galicianische Erzählung] (1864, aber erst 1923 in Buenos Aires veröffentlicht). 1863 beginnt das Zeitraum, das als die fruchtbarste Dekade der Schriftstellerin beschrieben werden kann, da, obwohl ihr wichtigstes Werk (*Follas novas*) wurde erst 1880 veröffentlicht, wurde es 10 Jahre früher geschrieben und konnte es nicht aus Zensur- und Repressionsgründen veröffentlicht werden (was die Galicianische Gesellschaft in Kuba am Ende anschaffte). In diesen Jahren wurde auch ein grundsätzliches Essay veröffentlicht: „Las literatas“ [Die Schriftstellerinnen] (1865), in dem durch den Brief einer erfahrenen Schriftstellerin an eine Anfängerin diskutiert Rosalía offenbar und ironisch die Beziehung Frau-Literatur als Metonymie des Rechtes auf die öffentliche Aktivität und die soziale Intervention. Es ist sowohl ein Selbstporträt als auch eine Soziobiografie der Frauen, die den Anspruch hatten, die Grenzen des traditionellen Sexismus zu überwinden, ein Essay voll ironischer Karikaturen der selbstproklamierte Superiorität der Männer.

escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles. O que quixen foi falar unha vez máis das cousas da nosa terra na nosa léngua, e pagar en certo modo o aprecio e cariño que os Cantares gallegos despertaron en algúns entusiastas. Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel estonces cousa nova, e pasaba polo mesmo todo atrevemento. Aceptárono, i o que é mais, aceptárono contentos, e ieu comprendín que desde ese momento quedaba obrigada a que non fose o primeiro i o último. N'era cousa de chamar as xentes á guerra e desertar da bandeira que eu mesma había levantado.

Une fois j'ai eu un clou
cloué au coeur,
et je ne me rappelle pas déjà si ce clou était
d'or, de fer ou d'amour.
Je sais seulement qu'il m'a causé un malheur si profond,
qui tant m'a tourmenté,
que je pleurais sans cesser pendant le jour et la nuit
comme a pleuré la Madeleine dans la Passion.
"Seigneur, qui pouvez tout
-le j'ai prié une fois à Dieu-,
donnez-moi du courage pour arracher d'un seul coup
un clou de telle condition".
Et Dieu me l'a donné, et je l'ai arraché;
mais... qui est-ce qui le dirait? Après
je n'ai déjà plus senti de tourments
je n'ai pas su ce qu'était la douleur;
j'ai seulement su que je ne sais pas ce qui me manquait
à l'endroit où le clou n'était plus,
et il me semble que j'ai eu des nostalgies
de cette peine... Bon Dieu!
Cette boue mortelle qui enveloppe l'esprit
Qui la comprendra, Seigneur...!

Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón,
i eu non me acordo xa si era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Sóio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentou,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal chorou Madanela na Pasión.
"Señor, que todo o podedes
-pedínlle unha vez a Dios-,
daimo valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición".
E doumo Dios, e arrinquéino;
mais... ¿quén pensara...? Despois
xa non sentín máis tormentos
nin soupen qué era delor;
soupen só que non sei qué me faltaba
en donde o cravo faltou,
e seica, seica tiven soidades
daquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o esprito
¡quén o entenderá, Señor...!

SILENCE!

La main nerveuse et le sein palpitant,
les brouillards dans mes yeux condensés,
avec un monde de doutes dans les sens
et un monde de tourments dans les entrailles,
 en sentant comme luttent
 dans une bataille sans égale
les désirs immortels qui tourmentent
 et les rancunes qui tuent,
je mouille dans mon propre sang le stylo dur,
 en cassant la veine gonflée
et j'écris..., j'écris... pourquoi ? Retournez
 dans le plus profond de l'âme,
 images tempétueuses!
Allez à habiter avec les souvenirs morts!
Que la main tremblante sur le papier seul écrive
des mots, et des mots, et des mots!
De l'idée la forme immaculée et pure:
où est-elle restée voilée ?

¡SILENCIO!

A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas,
 sentindo cómo loitan
 en sin igual batalla
inmortales deseios que atormentan
 e rencores que matan,
mollo na propia sangue a dura pruma
 rompendo a vena hinchada,
i escribo..., escribo..., ¿para qué? ¡Volvede
 ó máis fondo da alma,
 tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!
¡Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma immaculada e pura
¿dónde quedóu velada?

GRATUITEMENT...

Quand ils me mettront l'habit,
si je le porte un jour,
quand ils me mettront au cercueil,
si je l'ai un jour,
quand le repos éternel ils me chanteront,
si est-ce qu'il faut payer les curés,
et quand à l'intérieur de la tombe...
Que Saint Pierre me porte
si, seulement de l'avoir pensé, je ne ris pas
avec un rire des démons!
Puisque enterrer, ils devront m'enterrer
bien qu'on ne leur donne point de l'argent...!

DE BALDE...

Cando me poñan o hábito,
si é que o levo;
cando me metan na caixa,
si é que a teño;
cando o responso me canten,
si hai con qué pagarlle ós cregos,
e cando dentro da cova...
¡Que inda me leve San Pedro
se só ó pensalo non río
con unha risa dos deños!
¡Que enterrar, han de enterrarme
anque non lles den diñeiro...!

Quand je pense que tu es parti,
ombre noire que plonge dans l'ombre,
à côté de mon chevet
tu recommences à te moquer de moi.

Quand je pense que tu es déjà parti,
dans le même soleil tu te montres,
et tu es l'étoile qui brille,
et tu es le vent qui souffle.

S'ils chantent, tu es celui qui chante;
s'ils pleurent, tu es celui qui pleure;
et tu es le murmure du fleuve,
et tu es la nuit, et tu es l'aurore.

Tu es dans tout et tu es tout,
pour moi et dans moi même tu habites,
tu ne m'abandonneras jamais,
ombre qui toujours m'étonne.

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amstras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si chorán, es ti que choras;
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

SE FAIRE JUSTICE

Ceux qui ont réputation d'être des gens respectables,
m'ont volé autant de blancheur que j'en avais;
ils m'ont lancé du fumier sur les vêtements de fête,
les vêtements une et autre fois ils m'ont déchiré.
Ils n'ont laissé aucune pierre là où j'avais vécu;
sans foyer, sans abri, j'ai habité dans les enclos;
à la belle étoile j'ai dormi sur les champs avec les lièvres;
mes enfants... mes anges! que j'aurais tant,
ils sont morts, sont morts avec la faim qu'ils avaient!
Je suis resté déshonorée, ils m'ont fané la vie,
m'ont fait un lit de chardons et de ronces;
et, pendant ce temps, les renards de sang maudit
tranquilles dans un lit de roses dormaient.

-Sauvez-moi, oh, juges, j'ai crié... sottise!
Ils se sont moqués de moi, la justice m'a vendu.
-Bon Dieu, aidez-moi, j'ai crié, j'ai encore crié...
Parce qu'il était si haut, le bon Dieu ne m'a pas entendu. Alors,
comme une louve enragée ou blessée,
avec un saut avec furie j'ai saisi la faucille,
j'ai fait une ronde lentement... Même les herbes n'entendaient pas!
Et la lune se cachait, et le fauve dormait
avec ses compagnons dans un lit moelleux.

Je les ai contemplés calmement, et, avec les mains étendues,
d'un seul coup: du'un seul!, je les ai laissés sans vie.
Et au côté des victimes, contente, je me suis assise,
tranquille, en attendant l'aube.

Et alors..., alors la justice s'est accomplie:
moi, sur eux; et les lois, dans la main qui les avait blessés.

A XUSTICIA POLA MAN

Aqués que tén fama de honrados na vila,
roubáronme tanta brancura que eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.

Nin pedra deixaron en donde eu vivira;
sin lar, sin abrigo, moréi nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos..., ¡meus anxos...!, que tanto eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!

Quedéi deshonrada, mucháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas;
¡en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-¡Salvádeme, ouh, xueces!- berréi... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendéume a xusticia.
-Bon Dios, axudáime- berréi, berréi inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pilléi a fouciña,
rondéi paseniño... ¡Ne as herbas sentían!
¡a lúa escondíase, ¡a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Miréinos con calma, ¡as mans estendidas,
dun golpe, ¡dun soio!, deixéinos sin vida.
¡ó lado, contenta, sentéime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

¡Estonces..., estonces cumpréuse a xusticia:
eu, neles; ¡as leises, na man que os ferira.

UNE ÉTRANGÈRE DANS SA PATRIE

Dans la rampe déjà vieille
tapissée par les lierres et par les lys
est partie pour s'asseoir muette et tristement
en face du temple antique.

Une procession interminable de morts,
les uns avec leur corps rien plus, les autres avec leur esprit,
elle a vu, peu à peu, apparaître au sommet
du chemin droit,
qui monotone et blanc rebrillait,
comme une toile dans un pré étendue.

Elle a contemplé comme ils passaient et passaient
en se dirigeant vers l'infini,
sans que, après avoir fixé les yeux
éteints et enfoncés sur elle, ils
ne donnassent pas de signe ni de preuve
de l'avoir connue autrefois.

Et les uns étaient ses amants dans d'autres temps,
la majorité était des parents, et d'autres, des amis,
des compagnons de l'enfance,
des domestiques et des voisins.

Mais en passant et en passant devant elle,
ces morts poursuivaient
la marche indifférente
vers l'infini,
pendant que la nuit silencieuse fermait
ses très tristes deuils
autour de l'étrangère dans sa patrie
que, sans foyer et ni abri,
assise sur la rampe, contemplait
comme les lumières fugitives brillaient.

ESTRANXEIRA NA SÚA PATRIA

Na xa vella baranda
entapizada de hedras e de lirios
foise a sentar calada e tristemente
frente do tempo antigo.

Interminable precesión de mortos,
uns en corpo nomáis, outros no espírito,
veu pouco a pouco aparecer na altura
do dereito camiño,
que monótono e branco relumbraba,
tal como un lenzo nun herbal tendido.

Contempróu cál pasaban e pasaban
collendo hacia o infinito,
sin que ó fixaren nela
os ollos apagados e afundidos
deran sinal nin moestra
de habela nalgún tempo conocido.

I uns eran seus amantes noutros días,
deudos eran os máis i outros amigos,
compañeiros da infancia,
sirventes e veciños.

Mais pasando e pasando diante dela,
fono os mortos aqueles prosiguindo
a indiferente marcha
camiño do infinito,
mentras cerraba a noite silenciosa
os seus loitos tristísimos
en torno da estranxeira na súa patria,
que, sin lar nin arrimo,
sentada na baranda contemplaba
cál brillaban os lumes fuxitivos.

SEULE!

Les jours étaient clairs,
souriants les matins,
et c'était sa tristesse
noire comme le fait d'être orphelin.

Elle partait à l'aube,
elle revenait à la tombée du jour...,
pour autant qu'elle allait ou venait
personne ne s'y intéressait pas.

Elle a pris une fois
le léger chemin de la plage ...
Comme personne ne l'attendait pas,
elle n'est jamais revenue.

Au bout de trois jours,
la mer l'a rendue,
et là où repose le corbeau
seule elle est enterrée.

¡SOIA!

Eran craro-los días,
risoña-las mañáns,
i era a tristeza súa
negra coma a orfandá.

Íñase á mañecida,
tornaba coa serán...;
mais que fora ou viñera
ninguén llo iña esculcar.

Tomou un día leve
camiño do areal...
Como naide a esperaba,
ela non tornóu máis.

Ó cabo dos tres días,
botóuna fora o mar,
i alí onde o corvo pousa,
soia enterrada está.

MÊME PAS DANS LE NOIR!

I

- Tout est noir, les ombres enveloppent le sentier,
et même le ciel n'a pas d'yeux, ni la pinède n'a pas de langue.

Allez! qui est-ce qui a mesuré la profondeur de ce qui est occulté
Il n'y aura pas d'âme qui le sait...! Viens ...! La nuit est obscure.

- Obscure... ?; mais resplendit je ne sais pas quelle lumière traîtresse ...
- C'est une étoile qui brille dans les eaux mouvantes.

- Et est-ce que n'entends-tu pas quelque chose qui sonne dans ce pré ?
- C'est le vent qui parcourt fou en court entre les feuilles...

- Écoute, j'entends des pas, et apparaît, il me semble, une silhouette...
- Si c'est une personne vivante, nous le tuons; ne parle pas si c'est un défunt!

Mais ici, près de cette coline, il y a une grotte profonde:
viens, et, saints ou démons, qu'ils nous trouvent maintenant.

II

Où irai-je avec moi ? Où vais-je me cacher,
que personne ne me voit et je ne vois plus personne?

La lumière du jour me perturbe, celle des étoiles me stupéfie,
et les regards des hommes dans l'âme me pénètrent.

Et ce que j'ai dans mon intérieur, je pense que cela me parvient
déjà sur mon visage, comme à la fin un corps mort sort de la mer.

Pourvu que il y ait, et puisse sortir...!; mais non : à l'intérieur je te porte:
fantôme épouvantable de mes remords!

¡NIN ÁS ESCURAS...!

I

-Todo está negro, as sombras envolven a vereda,
e nin o ceu ten ollos, nin o pinar ten lingua.

¡Vamos! Do que hai oculto, ¿quén midéu as fonduras?
¡Alma n'habrá que sepa...! ¡Ven...! A noite está escura.

-¿Escura...?; mais relumbra non sei qué luz traidora...
-E unha estrela que brila nas augas bulidoras.

-¿E non oies que runxe algo onde aquel herbal?
-É o vento que anda tolo correndo antre a follax..

-Escoita, sinto pasos, e asoma seica un bulto...
-¡Si é un vivo, matarémoslo; non fala si é difunto!

Mais aquí onde este cómaro, hai unha cova fonda:
ven, e santos ou deños, que nos atopen ora.

II

¡Adónde iréi conmigo? ¿Dónde me esconderéi,
que xa ninguén me vexa i eu non vexa a ninguén?

A luz do día asómbreme, pásmame a das estrelas,
i as olladas dos homes na ialma me penetran.

I é que o que dentro levo de min, penso que ó rostro
me sai, cal sai do mare ó cabo un corpo morto.

¡Houbera, e que saíra...!; mais non: dentro te levo,
¡fantasma pavoroso dos meus remordementos!

Des ormes gigantesques, les myrtes
qui montrent des fleurs blanches,
les unes avec des boutons encore,
les autres que le vent fait voler partout.
Les buis qui ont déjà des siècles
qui ensemble se réunissent
en formant avec leurs branches et leurs troncs
des murs que personne ne traverse,
où les très indolentes
couleuvres construisent leur nid.
Des lauriers, frères des buis
par leur hauteur et son naissance,
puisqu'ils se sont enracinés en même temps
dans le plus profond de la terre.
Des citronniers et des orangers
qui sur la mousse verte donnent de l'ombre
et exhalent le parfum de la fleur d'oranger
avec laquelle les gens se distraient.
Des bois éternels où
un mystère sombre règne,
où seul les oiseaux passent
dans les tristes peupleraies
où au murmure des fontaines
quelqu'un penserait qu'ils se plaignent,
et où le même soleil de l'été
mélancolique pénètre.
Et au milieu de ce fourré
de cette belle tristesse,
dans une maison encore plus triste,
bien qu'avec une façade superbe,
là on dit qu'a son nid
la mère de toutes les sorcières:
une maison avec des portes de cèdre,

Xigantescos olmos, mirtos
que brancas frores ostentan,
unhas con cogollos inda,
outras que o vento esfollea.
Buxos que xa contan sigros
que xuntos verdeguean
formando de rama e troncos
valos que naide atravesa,
nos que moi descansadas
fan o seu niño as culebras.
Loureiros, irmáns dos buxos
pola altura i a nacemento,
pois arraigaron a un tempo
no máis profundo da terra.
Limoeiros e laranxos
que o verde musgo sombream
i olido esparcen de azare
con que a xente se recrea.
Eternos bosques en donde
sombrió misterio reina,
onde só os paxaros cruzan
polas tristes alamedas
onde ó marmular as fontes
un coidara que se queixan,
i onde o mesmo sol do estío
melancónico penetra.
I en medio desta espesura
desta hermosa tristeza,
nunha casa inda máis triste,
si de fachada soberba,
alí din que ten o niño
a nai de toda-las meigas:
casa con portas de cedro,

dans chaque fenêtre une grille,
une cuisine comme celle des moines,
un silence comme dans l'intérieur d'une église,
les domestiques ne parlent pas,
les chiens qui mordent comme des fauves.
Là ils l'ont vue noire et maigre
comme une chatte affamée,
dans le plus sain et le plus fleuri
de la belle terre galicienne.
Et ces maux qui nous affligent
on dit que tous viennent d'elle...:
mais il arrive dans cette vie
que ceux qui sont coupables, ceux-là ne paient pas!

en cada ventana reixa,
cociña coma de monxes,
silencio coma de igrexa,
criados que non dan fala,
cans que morden como feras.
Alí a viron negra e fraca
como unha gata famenta,
no máis san e máis frorido
da hermosa terra gallega.
I estes maux que nos afrixen
din que todos veñen dela...
¡Mais socede nesta vida
que os que tén culpa n'a levan!

JEAN

Jean va récolter du bois à la montagne,
Jean va faire des corbeilles,
Jean va tailler les vignes,
Jean va ramasser l'engrais,
et porte le sac au moulin,
et apporte le fumier à l'écurie,
va à la fontaine pour l'eau,
va à la messe avec les enfants,
Jean fait son lit et la nourriture...,
enfin, Jean est un Jean complet,
de ceux-ci qu'il conviendrait
à chaque femme au moins un.
Mais quand quelqu'un cherche un Jean,
presque toujours il trouve un Pierre.

Pepa, la heureuse Pepa,
femme du Jean que nous connaissons,
tandis que son mari travaille,
elle lave les pieds dans la fontaine,
nettoie les puces au chat,
peigne les longs cheveux,
elle donne du maïs aux poules,
murmure avec le frère du prêtre,
regarde s'il y a des oeufs dans le nid,
jette un coup d'oeil aux pommiers,
et lèche la crème du lait,
et si elle peut, elle boit une chopine
avec la marraine, qui la cache
au-dessous du châle.

XAN

Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a podá-las viñas,
Xan vai a apañá-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
vai á fonte por augua,
vai a misa cos nenos,
fai o leite i o caldo...
Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos que a cada muller
lle conviña un polo menos.
Pero cando un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.

Pepa, a fortunada Pepa,
muller do Xan que sabemos,
mentras seu home traballa,
ela lava os pes no rego,
cátalle as pulgas ó gato,
peitea os longos cabelos,
bótalles millo ás galiñas,
marmura co irmán do crego,
mira si hai ovos no niño,
bota un ollo ós mazanceiros,
e lambe a nata do leite,
e si pode bota un neto
ca comadre, que agachado
traillo en baixo do mantelo.

Et quand Jean à la nuit
arrive fatigué et affamé,
elle l'attend déjà entre les couvertures,
et après l'avoir regardé entrer lui dit doucement:

- Mon Dieu, ne fais pas de bruit,
que je suis que presque en train de mourir.
-Qu'est-ce que tu as, donc ma femme?
- Qu'est-ce que je devrai avoir? Couche ces enfants,
que cette matrice me mord
comme mord un chien un morceau de pain,
et à la fin me mènera
à la terre du cimetière ...
- Donc, ma Pepa, prend une gorgée
de cette liqueur douce que j'ai ici,
et dort, ma chérie,
pendant que je couche les enfants.

Des larmes les yeux de Jean
se remplissent après avoir regardé ces faits,
mais ne craignez pas, qu'entre mille
il n'existe plus qu'un ange entre les démons;
il n'y a plus qu'un tourmenté
entre ceux mille qui donnent des tourments.

E cando Xan pola noite
chega cansado e famento,
ela xa o espera antre as mantas,
i ó velo entrar dille quedo:

-Por Dios, non barulles moito,
que me estou mesmo morrendo.
-¿Pois qué tes, ña mulleriña?
-¿Qué hei de ter? Deita eses nenos,
que esta *madre* roe en min
cal roe un can nun codelo,
i ó cabo ha de dar comigo
nos terrós do simiterio...
-Pois, ña Pepa, toma un trago
de resolio que aquí teño,
e durme, ña mulleriña,
mentras os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos
de Xan ó ver tales feitos;
mas non temás, que antre mil
n'hai máis que un anxo antre os demos;
n'hai máis que un atormentado
antre mil que dan tormentos.

VERS LA HAVANE!

I

Ils lui ont vendu les boeufs,
lui ont vendu les vaches,
et la marmite du bouillon
et la couverture du lit.

Ils lui ont vendu le chariot
et les propriétés qu'il avait;
ils l'ont laissé seul
avec les vêtements habillés,

"Marie, je suis jeune,
il n'est pas facile que je mendie;
j'irai vers le monde,
pour tenter de progresser.

La Galice est pauvre,
et pour La Havane je pars...
adieu, adieu, chéris
de mon coeur! "

II

Quand personne ne les regarde,
on voit des visages préoccupés et sombres,
des hommes qui errent comme des ombres qui déambulent
par les prés et les champs.

Quelqu'un, au sommet d'un coteau
s'assoit dubitatif et pensif;
un autre, à côté d'un chêne, reste immobile,
avec la vue levée vers l'infini.

Quelqu'un, à côté de la fontaine incliné,
semble qu'il écoute attentif le murmure

¡PRA A HABANA!

I

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.

Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.

"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.

Galicia está probe,
i á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
do meu corazón!"

II

Cando ninguén os mira,
vense rostros nubrados e sombrisos,
homes que erran cal sombras voltexantes
por veigas e campíos.

Un, enriba dun cómaro
séntase caviloso e pensativo;
outro, ó pe dun carballo queda imóvil,
coa vista levantada hacia o infinito.

Algún, cabo da fonte reclinado,
parés que escoita atento o murmurío

de l'eau qui tombe, et il exhale sourdement
des soupirs très tristes.

Ils vont abandonner la patrie...!

Inévitable, mais sacrifice suprême.

La misère est noire autour de lui
aïe!, et devant est l'abîme ...!

III

La mer frappe bravement les roches,
et contre les côtés du bateau se cassent
les vagues irritées
du saumâtre Cantabre.

Les mouettes croassent:

là-bas au loin!, très loin!,
sur la rive placide solitaire
qui invite au repos et aux amours.

Des êtres humains la ligne compacte
qui brille au soleil s'avance et est tordue,
plus près et lentement les courbes de la muraille
antique du Parrote elle suit.

Le cœur se rétrécit avec l'angoisse,
on entend des rires, on entend des serments,
et les blasphèmes se joignent avec les soupirs...

Où ces hommes vont-ils ?

Après un mois, dans le cimetière immense
de La Havane, ou dans ses bois,
allez voir ce qui leur est arrivé ...
Dans l'oubli éternel toujours ils dorment!
Pauvres mères qui les ont allaités,
et celles qui les attendent, amoureuses, pauvres d'elles!

IV

"Allez, compagnons!

Toute la terre est pour les hommes.
Celui qui n'a jamais vu plus que la sienne,
l'ignorance le consomme.
Allez! à qui change, Dieu l'aide!
Et bien que maintenant nous allions loin de la Galice,
vous verrez dès que nous retournerons
que les chênes ont poussé!
Demain c'est le grand jour: à la mer, mes amis!
Demain, Dieu nous protège!"
dans le visage, la joie,
dans le cœur, l'effort,
et la cloche harmonieuse de l'espérance,
au loin, qui sonne pour un mort!

V

Celui-ci part, et celui-là part,
et tous, tous partent.
Galice, tu restes sans hommes

da augua que cai, e eisala xordamente
tristísimos sospiros.

¡Van a deixá-la patria...!

Forzoso, mais supremo sacrificio.

A miseria está negra en torno deles,
¡ai!, ¡i adiante está o abismo...!

III

O mar castiga bravamente as penas,
e contra as bandas do vapor se rompen
as irritadas ondas
do Cántabro salobre.

Chilan as gaviotas

¡alá lonxe...!, ¡moi lonxe!,
na prácida ribeira solitaria
que convida ó descanso i ós amores.

De humanos seres a compauta línea
que brila ó sol adiántase e retórcese,
mais preto e lentamente as curvas sigue
do murallón antigo do Parrote.

O corazón apértase de angustia,
óense risas, xuramentos se oien,
i as brasfemias se axuntan cos sospiros...

¿Ónde van eses homes?

Dentro dun mes, no simiterio imenso
da Habana, ou nos seus bosques,
ide a ver qué foi deles...
¡No eterno olvido para sempre dormen!
¡Probes nais que os criaron,
i as que os agardan amorosas, probes!

IV

"¡Ánimo, compañeiros!

Toda a terra é dos homes.
Aquel que non veu nunca máis que a propia,
a iñorancia o consome.
¡Animo! ¡A quen se muda Dio-lo axuda!
¡I anque ora vamos de Galicia lonxe,
verés desque tornemos
o que medrano os robres!
Mañán é o día grande, ¡á mar, amigos!
¡Mañán, Dios nos acoche!"
¡No sembrante a alegría,
no corazón o esforzo,
i a campana armoniosa da esperanza,
lonxe, tocando a morto!

V

Éste vaise i aquél vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas

qui peuvent te travailler.
Tu as par contre des orphelins et des orphelines
et des champs de solitude,
et les mères qui n'ont pas d'enfants
et les enfants qui n'ont pas de parents.
Et tu as les coeurs qui souffrent
de longues absences mortelles,
des veuves de vivants et de morts
que personne ne consolera.

que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non tén pais.
E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

**ROSALÍA DE CASTRO: L'INIZIATRICE DELLA MODERNITÀ
GALIZIANA**

María Pilar García Negro

**Un'iniziativa della Asociación de Escritores en Lingua Galega
con la sponsorizzazione della S. A. de Xestión do Plan Xacobeo**

Traduzione in italiano di Eva Moreda



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org



XACOBEO 2010
Galicia

Rosalía de Castro (1837-1885) è la sintesi perfetta, nella sua traiettoria vitale, nella sua ideologia e nella sua produzione letteraria, delle aspirazioni della sua nazione, la Galizia, per farsi vedere e ascoltare nella storia, nell'insieme dei popoli ispanici e in una Spagna che teneva conto del suo Paese natale soltanto per disprezzarlo e sfruttarlo. Nel contempo, e in modo inseparabile, lei rappresenta l'apparizione di un femminismo radicale, profondamente solidario con la maggioranza sociale operaia, che cerca di rivelare le donne e i loro mondi e ribellarsi contro i modelli maschilisti imposti.

È senza dubbio la figura più significativa e nel contempo la più universale della letteratura galiziana, quella che con maggiore precisione estetica e profondità seppe riflettere nella sua opera la problematica intima e psichica di suo io, di tanti io di cui fece da portavoce e dell'io collettivo del suo popolo. Di fronte a un'economia, una politica e una sociologia palesemente de-galizianizzanti, la scrittrice alza la sua voce attraverso l'uso pubblico della lingua galiziana nella letteratura, lo spazio possibile, e questa letteratura inaugurale sarà il *big bang* della restaurazione della coscienza sulla Galizia e il desiderio di dargli un ruolo diverso nell'España, l'Europa e il mondo. La sua letteratura è rivoluzionaria, non solo per quanto riguarda i suddetti valori, ma per identificare in modo profetico i difetti, contraddizioni e ipocrisie che la borghesia, come classe sociale emergente nel diciannovesimo secolo, cercava di imporre come modello unico di civiltà, educazione, economia e cultura, un modello che tendeva all'oggettificazione delle persone (soprattutto delle donne), allo sfruttamento capitalista e, insomma, alla infelicità individuale. Questa carica sovversiva, trasgressiva, profondamente filogaliziana, non scappò ai benpensanti, le autorità politico-ecclesiastiche e tutti i loro schermi e mediazioni. Questo è l'origine del silenzio, in un primo momento, e poi la defigurazione con cui fu trattata. Una defigurazione che arriva fino al punto di offrire e canonizzare un'immagine di lei non solo diversa dalla sua significazione reale ma che è la sua antitesi, nella creazione di una sorta di *meta-Rosalía* che bisogna svelare per viaggiare alla genesi, intenzione e funzione sociale della sua opera letteraria e pubblica.

Cerchiamo di riassumere le linee principali della sua vita ed opera, anche se sembra impossibile:

1. Nei suoi 48 anni di vita mortale, la scrittrice pubblica quattro volumi di poesia, cinque romanzi, un racconto, diversi saggi e manifesti fondamentali (due di cui, i prologhi di *Cantares gallegos* e *Follas novas*, iniziano il genere nella letteratura galiziana), articoli per la stampa... È poi una scrittrice multigenerica, tenendo anche conto del fatto che il suo verso accoglie in molte occasioni poesia dialogica, dialoghi teatralizzati, racconti e, naturalmente, pensiero filosofico e critica morale. Dopo la sua morte si perdono alcune opere inedite che sembra che lei facesse bruciare. Si tratta pertanto di una scrittrice professionale, non perché potesse vivere di questo lavoro (cosa che lei voleva), ma per vocazione, pratica continua e volontà palese d'intervento sociale attraverso la letteratura. Scrittrice di radice e risultato intellettuale e riflessivo, molto lontana dall'immagine di spontaneismo e sentimentalismo facile che si propagò di lei. Al servizio di questo lavoro messe gli elementi seguenti: un'intelligenza inusuale, una spiccata sensibilità psicosociale; una formazione culturale di grande varietà e

densità; un senso patriottico acuto; una vivace e persistente ossessione per la condizione e il destino delle donne. Nel prologo del suo primo romanzo, *La hija del mar* (1859), annunzia di forma palese il *leit-motiv* della sua scritta: “*Perché non gli è permesso ancora alle donne di scrivere quello che sentono e sanno*”. Sentimento e sapienza, educazione e istruzione: rottura del dualismo maschilista, che permetteva soltanto l’educazione femminile per compiere meglio le sue funzioni *naturali* di moglie, madre o figlia ubbidiente.

2. La nostra scrittrice nasce il 24 febbraio 1837 a Santiago de Compostela, figlia di Doña Teresa de Castro, di nobile famiglia signorile ma priva di ricchezze, e di Don Xosé Martínez Vioxo, prete della Collegiata di Iria. La sua prima socializzazione la mette in contatto con la campagna e la cultura tradizionale galiziana, nella terra di suo padre, a Ortoño, nella contea di Mahía, che così splendidamente canterebbe nei suoi versi. Da bambina abita con sua madre, a Padrón, e da ragazzina a Compostela, dove riceve un’educazione molto superiore a quella che si permetteva alle ragazze del suo tempo e partecipa all’attivo clima progressista di giovani quali Aurelio Aguirre o Eduardo Pondal. Conosce la musica e il disegno, legge in francese, è attrice di grande successo in svariate funzioni teatrali... È anche possibile che partecipasse al celebre Banquete de Conxo (2 marzo 1856) in cui si unirono studenti e operai, quello che sarebbe causa del suo viaggio a Madrid nella primavera di quell’anno, dopo lo scandalo provocato nelle autorità civili e religiose (si rivendica, ad esempio, Gesù Cristo falegname). Alla capitale spagnola pubblica la sua prima opera poetica, *La Flor [Il fiore]* (1857), commentata da Manuel Murguía, che diventerà lo grande storico e poligrafo del Novecento galiziano e con cui la scrittrice si sposerà in 1858, anno in cui pubblica “*Lieders*”, liberissimo manifesto femminista. In 1859, in cui nasce la sua prima figlia, Alejandra (sempre unite da un rapporto di sororità intima), pubblica *La hija del mar [La figlia del mare]*, un’opera che nella superficie presenta qualche topici romantici ma che mostra già la sua preoccupazione per la sorte delle donne e gli orfani, in un esercizio di solidarietà di classe e genere e una difesa chiara della maternità e la famiglia monoparentale. “*Eva*”, poema pubblicato in 1861, rivisita la peccatrice biblica omonima per farla redentrice necessaria della metà dell’umanità: le donne. Sette anni prima, il Papa Pio IX aveva fatto ufficiale il dogma dell’Immacolata Concezione della Vergine Maria e la sua ascensione al cielo (la gerarchia cattolica “fa ascendere” una donna in cielo, Rosalía “bassa” una donna a terra...). *Flavio*, il secondo romanzo della scrittrice, è sorprendente per la sua forte demitificazione dei *topica* fondamentali dell’amore cortese, evocati dal romanticismo, e simbolizza anche la difficoltà della scrittrice per abbandonare a clandestinità e potere esercire la sua autonomia psichica, intellettuale ed affettiva da donna.

3. 1863 è un anno trascendentale per la traiettoria della scrittrice ed anche per la storia della Galizia. Oltre la pubblicazione (in un’edizione limitata per gli amici) del libro di poemi *A mi madre [A mia madre]*, dopo la morte della madre, quest’anno vede l’apparizione di un libro fondamentale, *Cantares gallegos [Canti galiziani]*, il primo monumento della letteratura galiziana che rinasce e la trasformazione della potenza in atto, cioè, la creazione di un’epica galiziana che si trova nelle classi popolari, nella lingua del popolo ed al servizio della loro umanizzazione e degnificazione. È una potente proclama patriottico-democratica, nel desiderio di esibizione della cultura

nazionale e anche di risposta allo stereotipo negativo della Galizia e dei galiziani e galiziane. È, nonostante la superficiale lettura folclorica che se ne è fatta, un'opera profondamente politica al servizio di una restaurazione (quella della lingua) e di una emergenza (quella della Galizia stessa) necessarie. Denuncia cruda della misoginia, attraverso un'impeccabile tecnica di distanziamento narrativo, contiene il "Conto gallego" [Racconto galiziano] (1864, ma divulgato dopo la sua morte, a Buenos Aires, 1923). L'anno 1863 apre un periodo che si può considerare un decennio di splendore nella produzione della scrittrice, poiché, anche se la sua opera principale (*Follas novas*) non è pubblicata fino a 1880, la più parte era stata scritta dieci anni prima e la sua pubblicazione si ritarda per ragioni di censura e repressione (ed alla fine fu possibile, significativamente, grazie alla comunità dell'emigrazione cubana). Questo decennio è anche quello della pubblicazione di un saggio fondamentale, "Las literatas" [Le letterate] (1865), in cui, attraverso la finzione di una lettera inviata da una scrittrice esperta a una novella, la scrittrice tratta in modo esplicito ed ironico la relazione donna-letteratura nella sua qualità di metonimia del diritto di attività pubblica, d'intervento sociale. È alla volta un autoritratto e una sociobiografia delle donne che volevano rompere le catene del maschilismo tradizionalista, un saggio pieno di comiche caricature della superiorità maschile autoassunta.

In rapporto diretto con questo saggio-manifesto si trovano i due romanzi successivi della scrittrice: *Ruinias [Rovine]* (1866), una precisa denuncia della marginalizzazione causata dal modello capitalista-borghese e canto all'indipendenza femminile nelle figura di una simpatica vecchia nubile, e *El Caballero de las Botas Azules [Il cavaliere degli stivali azzurri]* (1867), il romanzo migliore e più complesso della scrittrice, che lei stessa sottotitolò "Conto strano" e pioniera del boom del romanzo realista spagnolo dei due decenni seguenti. Significativamente pubblicata l'anno anteriore alla Rivoluzione di 1868, è una critica radicale degli abiti dell'aristocrazia-borghesia della Spagna contemporanea, con il loro centro a Madrid, i cui agenti sociali più spiccati (giornalisti subornati, editori corrotti, nobili narcisisti e parassite, borghese alienate...) sono ritrattati con ironia e senza misericordia. Preceduta da un dialogo teatrale fra l'Uomo e la Musa (la Novità, una Musa androgina), in cui questa attacca la cattiva letteratura, seme di alienazione e nutrice dell'ego borghese dell'artista, la catarsi finale è causata dall'azione del popolo stesso che assalta il palazzo del nobile e coglie il libro della sapienza, il talismano necessario per la sua liberazione. Piena di elementi surreali-fantastici, nella tradizione di Hoffmann o Poe, resta distrutta sia l'ortodossia che l'ortoprassi di una società dogmatica, frivola e profondamente classista, mentre che ai lettori galiziani gli si offriva un nuovo socioritratto, demitificato, di Madrid, obiettivo di tutti quelli che volevano avanzare biografica o politicamente.

Da 1868 a 1877 la scrittrice ha sei figli in una situazione sfortunata, poiché aumentano fino alla povertà le difficoltà economiche della famiglia, che non ebbe mai una sua casa e dovette affittare diverse case a Compostela, Madrid, Simancas, Lestrove, Lugo, A Coruña, Padrón..., in una coppia così ricca di intelligenza e sensibilità come priva di risorse economiche, paradosso molto frequente in artisti geniali.

Follas novas [Foglie nuove] (1880) è l'opera culmine della scrittrice e anche di tutta la letteratura galiziana. Tutte le Rosalie possibili sono in lei. Divisa in cinque libri ("Vaguedás", "¡Do íntimo!", "Varia", "Da Terra", "As viudas dos vivos e as viudas dos mortos"), costituisce una magna e complessa commedia umana in cui l'io autoriale

viaggia dalla sua propria ansietà fino all'epopea dei *condamnés de la terre*, sia nella Galizia vera e propria che nella diaspora, in un'apoteosi di solidarietà di classe e femminista che la scrittrice annuncia già nel primo poema: *Di quelle che cantano le colombe e i fiori / tutti dicono che hanno anima di donna. / Ed io che non le canto, Vergine della Colomba, / di cosa sarà la mia anima?* Questa opera contiene dei pezzi insuperabili nella letteratura sia galiziana che universale, in un esercizio di libero pensiero, sincerità morale e dubbio religioso e/o palese eterodossia difficili da trovare nel suo tempo e nei suoi contemporanei. La scrittrice apriva così l'uso della lingua galiziana per tutti i temi senza eccezioni: si apriva la porta, in modo definitivo, per la normalizzazione della letteratura galiziana, da arte adulta e indipendente.

4. È facile capire che, nella Galizia e la Spagna della Restauración, le *manifestazioni* di questo tipo non riceverebbero l'approvazione delle autorità e i poteri pubblici, per cui il circolo di silenzio e oblio (uno dei suoi poemi ha il titolo "Straniera nella sua patria") si chiude di più in più, in parallelo a una grave decadenza della sua salute, le sue risorse economiche e una crescente sensazione di fallimento storico-biografico. Di ciò sono testimone le sue ultime opere pubblicate: *El primer loco [Il primo pazzo]* (1881), romanzo che fa letteratura della storia di un fallimento sia psicologico-affettivo che politico, senza che la scrittrice, sempre realista, smetta di difendere, nella più umanistica e pioniera modernità, qualcosa di così pratico come l'attenzione sanitaria degna ai dementi, e *En las orillas del Sar [Sulle rive del Sar]* (1884), il suo libro più misterioso e autobiografico, in cui si vedono ancora una volta gli aspetti più intimisti e confessionali della scrittrice, la tristezza del senso dell'esistenza e la fede perduta, ma in cui non abbuia la preoccupazione patriottica per il futuro del Paese (distruzione antiecológica della sua natura e risorse; denuncia dell'emigrazione). Questo libro-testamento, un autentico gioiello della poesia, fu soltanto apprezzato dalla *intelligentsia* spagnola (Unamuno, Azorín, Díez Canedo, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado...) molti anni dopo la sua pubblicazione, che non piacque per niente alla Real Academia Española, per i suoi *excessi* inadatti a una donna. Teniamo conto che Rosalía non è una scrittrice bilingue nel significato e intenzionalità che questo termine ha oggi. È la scrittrice galiziana per antonomasia ed è anche galiziana scrittrice, cioè, condizionata dalle contingenze e le margini della pratica sociale e pubblica possibili della lingua galiziana in quel tempo, dopo un lungo periodo d'imposizione della lingua ufficiale dello Stato come solo strumento di comunicazione pubblica, letteraria e mediatica. È la responsabile –bisogna che questo sia chiaro- dell'inizio della letteratura galiziana contemporanea, che spazia fino ai nostri giorni.

5. Rosalía de Castro muore a Padrón il 15 luglio 1885. Più di cento anni dopo bisogna ancora cercare la sua *vera effigies*, oltre la manipolazione interessata e diffamatoria che la contaminò. È una scrittrice profondamente intellettuale e colta, che osa riflettere nella sua poesia di tematica filosofica i problemi più gravi del mondo metaempirico (Carvalho Calero). *"Ebbe il pensiero profondo di un filosofo e il sentimento intenso di un grande poeta"* (González Besada); la sua opera non è quella di una rousseauiana romantica né di una filantropa, ma quella di una poeta profondamente legata al popolo a cui sente che appartiene (Carvalho Calero); è quindi la conferma della coscienza galiziana e una pioniera di quello di più umanistico e trasformatore che ebbe il ventesimo secolo. *"Rosalía scrisse dal centro della*

marginalità: quella di un Paese dominato e frustrato nelle sue aspirazioni, quella delle classi sociali sfruttate –i contadini e i marinai-, quella di un gruppo sociale che soffriva una doppia oppressione –le donne lavoratrici-, quella di un settore che non si sente comodo con la sua funzione sociale –le donne, in genere-, quella di quelli che non si sentono integrati né psicologicamente né affettivamente nel binomio riduzionista basato in dei criteri biologici uomo-donna. Ecco la ragione della sua ricchezza e mistero. Capiamo così perché è così specificamente galiziana e nel contempo universale” (Francisco Rodríguez).

Antologia

Di Cantares Gallegos, 1863

Canti, lacrime, rimpianti, sospiri, serate, feste popolari, paesaggi, prati, pinete, solitudini, rive, abitudini, tutto quanto, infatti, che per la sua forma e colori è degno da essere cantato, tutto quello che ebbe un eco, una voce, un ruggito anche se lieve, a patto che arrivasse a commuovermi, tutto questo ho osato cantare in questo umile libro per dire almeno una volta, anche se turpemente, a quelli che senza ragione né conoscenza ci disprezzano, che la nostra terra è degna di lode, e che la nostra lingua non è quella che abbruttiscono e parlano turpemente nelle più illustrate province con una risata burlesca che a dire verità (nonostante questa sia dura) dimostra l'ignoranza più palese e l'ingiustizia più imperdonabile che può fare una provincia a un'altra provincia sorella, specie se povera. Ma ecco che il più triste in questa questione è la falsità con cui lontano di cui dipingono sia i figli della Galizia che la Galizia stessa, che di solito giudicano il più disprezzabile e brutto della Spagna, quando forse è il più bello e degno di lode.

[...] Cosa diremmo a questo? Niente se no che queste arroganze al rispetto del nostro Paese si possono comparare con quelle dei francesi quando parlano delle

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmooverme, todo esto me atrevín a cantar neste humilde libro pra desir unha vez siquiera, i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurrán torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a iñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que ésta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsidade con que fora de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis despreciable e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza.

[...] ¿Qué diremos a esto? Nada máis sinón que taes fatuidades respecto do noso país teñen algunha comparanza cas

eterne vittorie contro gli spagnoli. La Spagna mai, mai li vinse; per contra, sempre fu vinta, sconfitta, umiliata; e il più triste di questo è che tra di loro è "vera" questa infame menzogna, così come è "vero" per la secca Castiglia, per la deserta Mancha e per tutte le altre province della Spagna -nessuna comparabile in vera bellezza del paesaggio con la nostra-, che la Galizia è il posto più disprezzabile della terra. Dicono bene che tutto in questo mondo è equilibrato, e così la Spagna soffre una nazione vicina che sempre l'offese, la stessa ingiustizia che essa, ancora più colpevole, commette con una provincia umiliata di cui nessuno si ricorda mai non essendo per umiliarla ancora di più. Mi causano molto dolore le ingiustizie dei francesi, ma in questo momento gli sto quasi gradita poiché mi danno un mezzo di fare ancora più palpabile per la Spagna l'ingiustizia che a sua volta commette con noi.

Questa fu la ragione principale che mi portò a pubblicare questo libro che, più che niente, so che ha bisogno dell'indulgenza di tutti. Senza grammatica né regole di nessuna sorta, il lettore ci troverà molte errori d'ortografia, espressioni che saranno sgradevoli per i puristi; ma almeno, per scusare questi difetti, ho messo la maggiore cura in riprodurre il vero spirito del popolo, e penso che in qualche modo ci sono riuscita...

(Del Prologo)

dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os venceu; polo contrario, sempre saléu vencida, derrotada, humillada; e o máis triste desto é que "val" antre eles tan infame mentira, así como "val" pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra total-as demás provincias de España -ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa-, que Galicia é o rincón máis despreciable da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e vén así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendeu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpable, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpable a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete.

Foi éste o móvil principal que me impeleu a publicar este libro que, máis que nadie, conoso que necesita a indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pro ó menos, e pra disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro esprito do noso pobo, e penso que o conseguín en algo...

*La mia Santina,
la mia Santasa,
il mio piccolo viso
di zucca:*

*vi presterò
i miei orecchini,
vi presterò
il mio collare;
te lo presterò,
bello viso,
se m'insegni
a cucire.*

__ Piccola cucitrice,
bellissima,
lavora al campo,
lavora all'orto,
lava al fiume,
va raccogliere
ginestre secche
tra la pineta.
Così la bambina
operosa
a cucire
impara adesso.

__ Mia Santina,
male mi vuole
chi mi consiglia
fare così.
Mani di signora,
mani nobili

*Miña Santiña,
miña Santasa,
miña cariña
de calabasa:*

*hei de emprestarvos
os meus pendentos,
hei de emprestarvos
o meu collar;
hei de emprestarcho,
cara bonita,
si me dependes
a puntear.*

__ Costureiriña
comprimenteira,
sacha no campo,
malla na eira,
lava no río,
vai apañar
toxiños secos
antre o pinar.
Así a meniña
traballadora
os punteados
depende ora.

__ Miña Santiña,
mal me quixere
quen me aconsella
que tal fixere.
Mans de señora,
mans fidalgueiras

hanno tutte
le cucitrici;
corpo di regina,
corpo di dama,
vogliono la seta
scappano il barro.

__O, ragazzina!
Tu hai ragione:
seta per quelle che dormono
tra il segale!
Scappare il barro
in cui sono nate!
Dio ti perdoni,
povera Manuela.
Barro con onore
non sporca niente,
né la seta pulisce
l'onore sporco.

__Santa Santasa,
non siete carina,
dicendo cose
che aprono ferite.
Parlami soltanto
delle *muiñeiras*,
di quelle volte
capricciose
di quelli punti
che fanno adesso
da fuori verso dentro,
da dentro verso fuori.

__Piccola cucitrice
del rovereto,
prende una guglia,
prende il ditale;
cuce i buchi
del tuo grembiule,
che strapazzata
non vuole Dio che tu stia.
Cuce, bambina,
così tanti buchi
e non pensi adesso
negli adorni.

__Mia Santasa,

teñen todiñas
as costureiras;
boca de reina,
corpo de dama,
cómprelle a seda,
foxen da lama.

__¡Ai, rapaciña!
ti te-lo teo:
